

ACORDO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E ROCHE FARMA, S.A.U. PARA A MEDICIÓN DE RESULTADOS EN SAÚDE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 22 de maio de 2025, con ROCHE FARMA, S.A.U, o instrumento convencional arriba referido, que estará vixente desde o día da súa sinatura ata o 30 de xaneiro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración das partes dentro do proxecto de medición de resultados en saúde no ámbito da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, para facilitar a posta en marcha e arranque de dous proxectos de pilotaxe sobre mellora de resultados en saúde, centrados en dúas áreas terapéuticas de saúde: Oftalmoloxía e Neuroloxía (sistema nervioso central). As partes de común acordo poderán substituír algunha das devanditas áreas terapéuticas por outra como obxecto do presente Acordo Específico, ou incorporar unha terceira área terapéutica como piloto.

Este proxecto precisa a xeración de procesos, metodoloxías e/o coñecementos, así como o aliñamento dos recursos públicos e dos profesionais involucrados, polo que a colaboración de ROCHE FARMA, S.A.U, e outros posibles axentes externos pode axudar á súa mellor implantación, en beneficio dos pacientes do servizo autonómico de saúde. Os proxectos de pilotaxe en áreas terapéuticas clave tentarán explorar eficiencias na optimización de recursos e/o en beneficios para os pacientes, achegándolles os tratamentos e incrementando o impacto social das actuacións en saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

As partes subscribiron o 4 de xuño de 2024 un Acordo Marco de colaboración para a realización de actividades de interese sanitario en materia de medicina personalizada e de precisión, que inclúe no seu obxecto o fomento de actividades de intercambio de experiencia e coñecemento científico-técnico, formación, proxectos de innovación e de mellora de procesos, todo iso no contexto da optimización da función asistencial e social do Servizo Galego de Saúde, coa implicación dos axentes do sistema de saúde e do sistema social.

O dito Acordo Marco prevé na cláusula terceira o seu desenvolvemento coa materialización de proxectos e actividades concretas, mediante a formalización de acordos ou convenios específicos de colaboración.

As partes identificaron como posible área de colaboración a mellora de procesos a partir da medición de resultados en saúde, con especial atención ao impacto social das intervencións sanitarias.

O Servizo Galego de Saúde atópase inmerso no desenvolvemento dun novo modelo de asistencia sanitaria 7P, dentro do cal a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde está a avanzar nun proxecto de medición de resultados en saúde deseñando metodoloxías de reorganización de procesos, orientadas á obtención de melloras en resultados en saúde, así como de procesos para a mellor medición de resultados en saúde, incluíndo o impacto social, liderando o seu despregamento en distintas áreas terapéuticas para validar e optimizar devanditos procesos e metodoloxías, e desta forma xerar o maior impacto positivo nos pacientes da Comunidade Autónoma. Para iso, contará cun Comité Técnico Asesor de Resultados en Saúde e unha Oficina Técnica de Resultados en Saúde.

ROCHE FARMA, S.A.U. está interesada e en disposición de colaborar nese proxecto, achegando coñecementos, experiencias e/o recursos, sempre na medida das súas posibilidades e na forma que a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde considere oportuna e valiosa para os pacientes.

E por iso, as partes acordan poñer en marcha unha colaboración específica para apoiar a posta en marcha do proxecto de resultados en saúde da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde para a mellora dos seus procesos, co arranque de dous proxectos de pilotaxe dedicados a dúas áreas terapéuticas clave e de alta incidencia nos pacientes do servizo autonómico de saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

